



## INFORME DA XUNTA DE PERSOAL DA PROVINCIA DE LUGO

27 de abril de 2016

### 1) Lectura e aprobación da acta anterior

Aprobouse por unanimidade a acta anterior.

### 2) Centros e prazas de atención preferente

A raíz do coñecemento de que non vai saír ningunha convocatoria de concurso de méritos específicos para postos de escolarización a alumnado de atención preferente (a última convocatoria data do ano 2010), acordamos trasladar á xefatura de inspección os seguintes acordos:

- A quen se vai nomear, e baixo que criterios, como profesorado para o alumnado de atención preferente novo no vindeiro curso 16-17.
- Aclarar, na seguinte normativa que saia ao respecto, as diferenzas que aparecen en canto ao número máximo de anos que se poden estar atendendo a este tipo de alumnado. Aparece, no preámbulo o texto seguinte: “en ningún caso poderá exceder en máis de seis anos” e, no artigo 7º da mesma Orde dise o seguinte: “.... por un período dun ano, prorrogable ata que o alumno remate a etapa educativa en que se encontra, e con reserva do posto de traballo de orixe, ...” (isto poderíase alongar máis dos 6 anos previstos no preámbulo).
- Solicitar que haxa concurso de méritos para estes postos todos os anos, coas prazas que se necesiten cada ano. Se non houbera necesidade de prazas, non habería concurso.

### 3) Resolución da Xunta de Persoal en contra da reválida de sexto e da proba de terceiro.

Reformar a resolución da Xunta de Persoal, aprobada o curso pasado, contra a reválida de sexto e da proba de terceiro, para adaptala á situación deste curso. Houbo dous sindicatos que votaron en contra por non estar de acordo coa inclusión no texto “... apoiar a decisión das familias de non enviar aos fillos e fillas aos centros os días da realización das probas”.

Sobre as proposta de resolución que presentou o STEG, decidiuse votalas na vindeira Xunta de Persoal.

### 4) Rogos e preguntas

O STEG falou sobre a súa inquedaanza ao respecto dunha praza que hai, por riba de catálogo, no centro de adultos. Esta praza está ocupada por unha persoa en comisión de servizos por motivo de saúde. A inquedaanza baséase no medo a que desapareza unha praza do catálogo dese centro por este motivo. Sobre o particular, decidimos:

- Non aceptar, en ningún caso, a modificación do catálogo dese centro, nin a redución de ningunha praza motivada pola comisión de servizos desta mestra.